

Boletín CAIA 07

Marzo 2024



Cara un modelo de acollemento residencial con enfoque de infancia

España duplica a media mundial de nenos e nenas vivindo en centros de atención residencial. Isto, consolídase como preocupante porque existe o dereito da infancia e adolescencia de crecer nunha contorna familiar.



A pobreza infantil incrementase un ano máis e a carencia material acada máximos históricos

A infancia e adolescencia enfróntanse a unha situación crítica respecto da pobreza que sofren e da crisis material na que están inmersos.



Primeira asemblea do ano do Consello Estatál de Participación da Infancia e Adolescencia

O pasado 22 de xaneiro levouse a cabo a primeira asemblea anual do CEPIA, agora en Galicia contamos cunha dobre representación, xa que entrou a compañeira Uxía de Mentres Novas (Ponteareas)




Máis de 2.000 nenas, nenos e adolescentes participan no proceso de Infancia e pobreza da Plataforma de Infancia

A POI levou a cabo unha iniciativa durante o ano pasado para que rapaces/as de diferentes partes de España expuxeran a súa opinión sobre diferentes ámbitos como: ocio, saúde...



A Plataforma de Infancia celebra a aprobación no Consello de Ministros da Lei de Familias

A aprobación da Lei de Familias é un gran paso, posto que a lexislación vixente quedase obsoleta. É importante que nesta lei se aborden cuestións como a conciliación para lograr que sexa efectiva e real no noso país.



Comezamos proceso participativo para o Día dos Dereitos da Infancia 2024

Para participar na celebración do Día dos Dereitos da Infancia no acto que se levara a cabo xunto co Ministerio de Xuventude e Infancia debes de contestar ó seguinte cuestionario:

Facilitamos aquí [o enlace ó cuestionario](#)



Cibercorresponsales de La Pinza crean unha serie de vídeos sobre o cyberbullying

Trátase dun grupo denominado “La Pinza” dentro da plataforma Cibercorresponsables que elaborou un proxecto de gravar mini-historias coas temáticas: racismo, lgbtfora e violencia de xénero.



Deputación de Pontevedra pon en marcha o seu proceso participativo da Axenda 2030

Na provincia de Pontevedra estanse dando os primeiros pasos cara unha mellora medioambiental do territorio, da man da Axenda 2030 e de Cidades que camiñan.



Teléfonos móbiles na aula: educando para a convivencia e a participación

Neste artigo ábrese debate sobre o uso de teléfonos móbiles nas aulas, é un dereito ou unha prohibición?



O Comité de Dereitos do Neno publica a Observación Xeral nº27 na que recomenda abordar o dereito dos nenos e nenas ó acceso á Xustiza e contar cos recursos efectivos para elo

A próxima observación xeral do Comité de Dereitos do Neno versará sobre o dereito no acceso a xustiza da infancia e os recursos para elo. Para elo se recomenda a incorporación da Figura do Defensor do Menor.

Experiencias noutros territorios



UNICEF Portugal animou a nenos e adultos a enviar cartas ós partidos políticos

Con motivo das pasadas eleccións lexislativas, UNICEF Portugal lanzou a iniciativa "Prioridade às Crianças", na que invitaba a todas as persoas, nenos, nenas e adultos, a mandar cartas aos partidos políticos pedíndolles actuacións concretas naquelas áreas de maior interese para a infancia.



Facilitar a integración dos nenos refuxiados e os seus coidadores en Europa

A Federación de Organizacións Non Gubernamentais para a infancia (FONPC) de Rumanía xunto con outras entidades organizaron unha conferencia para compartir boas practicas e panoramas de financiación para a inclusión de nenos/as refuxiados e migrantes.



En primeira persoa:

Martín Rey, representante do consello local de Nigrán.



Nigrán ultima sa súa candidatura ó selo “CAI” de Unicef

O día de 29 de febreiro reuniuse o CLIA de Nigrán nunha sesión de contacto na que se renovaron case todos os vogais, dos que só repiten dous. Nas próximas reunións, que se celebrarán cada 15 días, o grupo decidirá que propostas tratar de cara a un pleno que terá lugar no mes de maio así como escoller un nome e un logotipo para o grupo.

Beatriz Comesaña, representante de Mariscadoras de ideas, Concello de Moaña.



O IES Paralaia convida a participación infantil

O IES Paralaia de Moaña convidou a Beatriz Comesaña para compartir co alumnado de 1 da ESO a súa experiencia na participación infantil e adolescente, e deste xeito poder facer canteira para o grupo de participación “Mariscadoras de Ideas”